



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO

Anuncio

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO POLA QUE SE ORDENA A PUBLICACIÓN DA NORMATIVA DA MODIFICACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CHANTADA (LUGO), APROBADA MEDIANTE O DECRETO 125/2024, DO 15 DE ABRIL, POLO QUE SE APROBA O PLAN TERRITORIAL ESPECIAL DE SAN FIZ DE ASMA.

Mediante Decreto 125/2024, do 15 de abril, o Consello da Xunta aprobou o Plan territorial especial de San Fiz de Asma, no Concello de Chantada, así como a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Chantada do 29 de xullo de 1985, de conformidade co previsto nos artigos 20.4 e 58.2 da *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*.

O Plan territorial especial de San Fiz de Asma foi inscrito no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia mediante resolución da dirección xeral de Urbanismo de data 24 de abril de 2024 e o Decreto 125/2024, do 15 de abril, foi publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 86, do 2 de maio de 2024.

De conformidade co disposto nos artigos 82 da *Lei 2/2016, do solo de Galicia*, e 58 e 60 da *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*, publícase no Boletín Oficial da Provincia a normativa relativa á modificación do plan xeral de ordenación municipal do Concello de Chantada, aprobada mediante o Decreto 125/2024, do 15 de abril, que figura no anexo.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2024.- A directora xeral de Urbanismo, M^a Encarnación Rivas Díaz.

ANEXO

Normativa do Plan Territorial Especial

Artigo 1. Ámbito

O ámbito do Plan Territorial Especial de San Fiz de Asma é o sinalado nos planos que acompañan este documento, comprendendo a superficie da parroquia de San Fiz de Asma, no concello de Chantada, que queda baixo a influencia da delimitación da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra aprobada no Decreto 166/2018, do 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra.

Artigo 2. Fins e obxectivos

1. Os criterios de ordenación dende o punto de vista urbanístico do presente Plan Territorial Especial teñen os seguintes fins e obxectivos:

a) A ordenación integrada do ámbito, atendendo ás súas características diferenciadas e tendo en conta as novas figuras de protección do patrimonio cultural e a normativa sectorial que resultan de aplicación.

b) A fixación dos parámetros substantivos que informan toda a ordenación, en atención á defensa e promoción dos valores culturais, naturais e paisaxísticos do ámbito, nomeadamente o tratamento das construcións e actividades da zona, especificándose, a tal efecto as limitacións de usos e as actividades admisibles.

c) Ser un posible modelo de desenvolvemento do rural a ter en conta para o resto dos territorios ribeirao da recentemente declarada Paisaxe Cultural Ribeira Sacra e outros de semellantes características en Galicia.

2. A ordenación proposta regula os usos e actividades admisibles no ámbito de máxima protección cultural, e incide na corrección de distorsións xeradas polo medio construído, coa previsión das medidas correspondentes.

3. A volumetría e os materiais serán acordes ó lugar no que se atopan, cumprindo co establecido no decreto de declaración da Paisaxe Cultural e poderán servir de referencia para ser aplicables a modo de boas prácticas ó resto da Ribeira Sacra.

Artigo 3. Zonificación do ámbito do Plan

Para os efectos de referirse ás diferentes áreas de intervención ou de niveis de protección, descríbese a continuación a xerarquía de zonas en función da súa incidencia nas variables culturais, ambientais e paisaxísticas.

a) Zona 1: área de conservación prioritaria e restauración ambiental

a.1. Correspóndese con aquelas zonas afectadas polo contorno de protección de monumentos declarados Ben de Interese Cultural ou catalogados polo Plan Básico Autonómico.

a.2. A finalidade nesta zona é protexer e garantir a conservación dos elementos do patrimonio cultural e o seu entorno, permitindo un uso público, racional e sostible acorde cun ámbito que forma parte da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra, declarada Ben de Interese Cultural.

a.3. Todos os elementos discordantes nesta zona deberanse de adecuar ou desmontar seguindo os parámetros de integración que se detallan nesta normativa. Aqueles que afecten directamente a un ben catalogado deberanse desmontar e restaurar o medio natural.

b) Zona 2: áreas de uso agropecuario-forestal e áreas de recuperación ambiental

b.1. Esta zona inclúe as parcelas que non pertencen á zona 1 pero se atopan na ladeira que mira ó río Miño e ó río Asma, tal como consta na documentación gráfica deste PTE. É dicir, aqueles predios que debido á topografía do ámbito sexan visibles dende certa distancia e poidan interferir na correcta harmonización da Paisaxe Cultural.

b.2. As construcións, viarios, urbanizacións ou infraestruturas incluídas nesta zona que non cumpran cos parámetros estéticos previstos neste documento, deberán cumprir cos criterios de recuperación ambiental, co fin de minimizar o seu impacto na paisaxe a través de pequenas obras de reforma ou acondicionamento.

c) Zona 3: áreas produtivas e equipamentos

Esta zona inclúe os espazos dedicados á produción de enerxía hidroeléctrica ou industrias de produción de viño, nos que se permitirá unha maior flexibilidade estética e de volume das construcións integrantes, así como a posible expansión futura. Na maioría dos casos, trátase de zonas pouco expostas polo que a superficie ocupada pode ser maior e os materiais utilizados tamén poderán diferir do recomendado.

Terase en conta a Guía de Boas Prácticas para a Identificación e Acondicionamento de Miradoiros da Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Artigo 4. Solo urbano e de núcleo rural

O Plan Territorial Especial non modifica as actuais condicións para as construcións situadas en solos urbanos ou de núcleo rural, polo que neses ámbitos resulta de aplicación o planeamento urbanístico municipal, no marco da normativa urbanística vixente e demais normativa sectorial que resulte de aplicación.

Artigo 5. Solo rústico

1. O Plan Territorial Especial categoriza no seu ámbito de aplicación os solos rústicos de especial protección, de conformidade coas categorías definidas no Plan Básico Autonómico de Galicia, aprobado mediante Decreto 83/2018, do 26 de xullo, segundo consta no apartado Cartografía deste documento.

2. O réxime xurídico que resulta de aplicación no solo rústico deriva da regulación establecida ao efecto na *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, e do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a dita lei, coas particularidades contempladas neste plan así como na normativa sectorial que puidera resultar de aplicación no solo rústico de especial protección.

3. De conformidade co previsto no número 3 do artigo 20 da *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*, modifícase o réxime de usos e condicións da edificación previstos na normativa urbanística vixente para o solo rústico no ámbito de aplicación deste plan, tal e como se contempla nos artigos seguintes, sen prexuízo do réxime contemplado no artigo 40 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, para as edificacións tradicionais existentes.

Artigo 6. Usos e actividades admisibles en solo rústico

1. Os usos e actividades admisibles no solo rústico do ámbito deste Plan Territorial Especial, son os seguintes:

a) As actividades de lecer, a práctica de deportes organizados e actividades de carácter deportivo ou sociocultural.

b) As actividades científicas, escolares e divulgativas.

- c) O estacionamento de vehículos nas áreas previstas para elo no plan, e o estacionamento de maquinaria nos ámbitos industriais, e con carácter provisional nas viñas.
- d) Movementos de terras que teñan por finalidade o soterramento de edificacións e a creación de abancalamientos.
- e) O valado de predios e os muros de contención, neste caso, sempre que estean debidamente xustificadas.
- f) As instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas.
- g) As instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- h) As construcións e instalacións agrícolas en xeral, dentro do cumprimento dos parámetros establecidos neste plan.
- i) As construcións de apoio e vinculadas ao desenvolvemento das actividades relativas ás labores nas viñas, que implican de forma eventual pero repetida, a presenza de persoas con carácter habitual.

Para tal efecto, nas ditas construcións permitiranse servizos propios para a comodidade dos seus usuarios, entre outros, a habilitación de estancias para a hixiene e aseo e para poder preparar alimentos, así como aquelas intervencións que teñan por obxecto a mellora ou implantación das condicións sanitarias necesarias para o seu acondicionamento para a estancia das persoas, sen que iso implique un uso coma vivenda ou residencial.

- k) As construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que cumpran as condicións establecidas neste plan, na LSG e no RLSG para as construcións en solo rústico.
- l) As construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicas.
- m) As instalacións apícolas.
- n) O resto de usos ou actividades entenderanse como non permitidos ou prohibidos.

2. En todo caso, no solo rústico de especial protección será preceptivo o informe favorable do organismo sectorial competente por razón dos valores obxecto da protección de conformidade co previsto no artigo 36.2 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, e 51.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

Artigo 7. Usos e actividades prohibidas

Os usos e actividades prohibidos no solo rústico do ámbito obxecto deste Plan Territorial especial son os seguintes:

- a) Os desmontes e os recheos.
- b) As acampadas dun día e actividades comerciais ambulantes.
- c) Os campamentos de turismo e instalacións fluviais, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre.
- d) O depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- e) As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais.
- f) As construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- g) As construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- h) As actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- i) As estacións de servizo asociadas ás estradas.
- k) O uso residencial e o uso de aloxamento turístico.

Artigo 8. Medidas de integración paisaxística das construcións

1. As construcións que non se axusten ao establecido pola normativa aplicable e a este Plan Territorial Especial, terán que realizar actuacións de integración paisaxística para reducir o seu impacto visual. En certos casos, estudaranse medidas correctoras individualizadas pola singularidade da situación, pero en xeral deberase actuar sobre as edificacións e sobre as vías da súa propiedade co fin de integrar as mesmas no seu entorno e reducir o impacto visual. De non ser posible realizar a dita integración paisaxística polo elevado

impacto que poida supoñer a vía ou a edificación, deberase proceder á desmontaxe ou demolición parcial ou total das zonas afectadas e á recuperación ambiental do terreo no caso de ser necesario.

2. O sinalado anteriormente non resultará de aplicación ás construcións existentes sobre as que non proceda adoptar ningunha medida de reposición da legalidade urbanística por ter transcorrido os prazos previstos na normativa urbanística para tal efecto.

Artigo 9. Réxime do fora de ordenación ou parcialmente incompatible

As construcións en situación de fóra de ordenación ou parcial incompatibilidade co planeamento urbanístico existentes no ámbito de aplicación deste Plan Territorial Especial resultarlles aplicable o réxime previsto no artigo 90 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no artigo 205 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei do solo, respectivamente, coas especificidades previstas no presente Plan Territorial Especial para as edificacións e construcións existentes no seu ámbito de aplicación parcialmente incompatibles.

Artigo 10. Condicións das edificacións nas zonas 1 e 2

As construcións existentes nas zonas 1 e 2 do ámbito deberán cumprir co establecido polo artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no que se regulan as condicións xerais das edificacións en solo rústico, e concordantes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, coas particularidades sinaladas neste Plan Territorial Especial, nomeadamente:

a) Só se permitirá a construción de novas edificacións para adegas, de dimensións inferiores a 50m² medidos en planta e materiais similares ós tradicionais das casetas de viña existentes. Non se computarán para estes efectos as superficies soterradas, con independencia da extensión e sempre que se adapten ás condicións do sistema de terrazas e muras.

b) A altura máxima non será superior a 5 metros e a pendente da cuberta será similar á do terreo, de un auga en tella cerámica curva. A implantación non se poderá facer sobre plataformas.

c) Quedan expresamente prohibidas as cubertas realizadas con fibrocemento, panel ondulado imitación a tella ou lousa.

d) Como materiais de acabado, quedan expresamente prohibidos o bloque de formigón ou formigón visto e o ladrillo visto. A construción de adegas deberá realizarse en cachotería das características da zona.

e) Os volumes ou construcións auxiliares non poderán superar os 5m² de superficie en total e sempre se deberán realizar exentos á construción principal. Ambos volumes terán formas paralelepípedas.

f) Permítense manter os corredores, balcóns ou galerías abertas nunha das fachadas, prohibíndose os beirados.

Artigo 11. Parcela mínima e superficie construída máxima



1. As novas construcións só se poderán executar en parcelas cunha superficie mínima de 2000m², segundo o disposto no artigo 39.d) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.


2. As construcións non poderán ter unha superficie construída superior ós 50 m² agás aquelas que teñan consideración de construcións tradicionais. As construcións que non cumpran isto deberán adaptarse.

Artigo 12. Forma das construcións




As novas construcións manterán a forma prismática elemental das tipoloxías tradicionais, non permitíndose formas que non sexan cadradas ou rectangulares. Os engadidos a estes volumes deberán estar separados do volume principal e nunca superarán o 10% da superficie construída do volume principal.

Artigo 13. Implantación das construcións




A implantación sobre o terreo deberá ser o suficientemente coidadosa para alterar o mínimo o solo ou o bancal no que se sitúa. En calquera caso, prohibese a implantación mediante a construción de plataformas.

Artigo 14. Alturas das construcións



1. As novas construcións deberanse de realizar de planta baixa, permitíndose a utilización de espazos subterráneos, que non computarán a efectos de superficie construída.
2. Permitiranse as construcións de planta baixa e un piso que se integren paisaxisticamente que non excedan de 5m de alto e tamén as que sexan construcións tradicionais.
3. Non se permitirán construcións de máis alturas nin as chemineas de máis de 1,5m de altura medidos dende a unión da cuberta ca cheminea ata o punto máis alto desta.

Artigo 15. Espazos exteriores das construcións



No caso das construcións de dúas plantas, permitirase manter nunha soa das fachadas os corredores, os balcóns e as galerías, prohibíndose os corpos voados e os beirados.

Artigo 16. Condicións para a localización e implantación

1. As construcións deberanse dispor de tal modo que se minimicen os movementos de terras, evitando localizacións en parcelas cunha pendente elevada. En caso de ser necesario acondicionar o terreo, nos noiros ou desmontes resultantes compensarase a escavación co recheo, de tal modo que o bancal difira o menos posible da sección natural dos terreos.

2. As construcións disporanse de tal modo que se minimize a eliminación de elementos naturais ou construídos de interese paisaxístico, tal como afloramentos rochosos ou masas de arborado autóctono, muros ou outras construcións tradicionais, e escollerase a localización que ofrezca unha mellor integración volumétrica e escénica cos ditos elementos.

Deberanse evitar lugares situados en cotas altas respecto ao territorio da contorna, xa que presentan unha maior exposición visual, así coma sempre que sexa posible, as edificacións non se localizarán nas liñas de cornixa ou nos cumios, evitando que a proxección da edificación na liña do horizonte modifique o perfil natural do terreo.

Artigo 17. Condicións para os peches

1. Asegurarase a súa axeitada integración paisaxística mediante algunha das técnicas descritas na Guía de estudos de impacto e integración paisaxística. En ausencia doutra medida de integración paisaxística máis axeitada, disporanse dentro da parcela masas vexetais irregulares, deseñadas para integrar os volumes construídos e matizar a súa visibilidade, de tal modo que adquiren un aspecto semellante ás formacións vexetais naturais existentes na contorna.

2. Na parte non edificada da parcela deberase evitar o amoreamento desordenado de materiais, maquinaria, recipientes, refugallos ou equivalentes. Para tal fin deben preverse ou ben lugares específicos de almacenamento en zonas de escasa visibilidade, ou ben as oportunas medidas de ocultación, de xeito que se evite un impacto visual negativo sobre a contorna.

3. Nas masas vexetais empregadas para a integración paisaxística disporanse, sempre que sexa posible, especies autóctonas. En calquera caso evitarase as especies invasoras, así como especies de tipo ornamental propias das zonas urbanizadas.

Artigo 18. Medidas de integración paisaxística. Condicións das construcións

1. Calquera construción ou edificación deberá responder, en canto ás súas características esenciais, aos usos ou actividades que xustifican a súa implantación en solo rústico, e debe deseñarse de tal xeito que se integre o máis respectuosamente posible na paisaxe da contorna.

2. A composición volumétrica das edificacións e construcións deberá favorecer a súa integración na paisaxe e a adaptación do conxunto ás características da topografía e da paisaxe do lugar.


3. Para o acabado das construcións empregaranse materiais e técnicas construtivas que ofrezan un resultado acorde coas formas e as cores propias do lugar e da arquitectura tradicional. Poderá empregarse como referencia a Guía de cor e materiais desenvolvida para a Grande Área Paisaxística Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil, concretamente para a comarca paisaxística da Ribeira Sacra Miñota.

4. Para construcións de características substancialmente diferentes das da arquitectura tradicional, tales como naves, equipamentos, instalacións de servizo, infraestruturas ou outras equivalentes, nas que non resulte congruente empregar os materiais e técnicas construtivas tradicionais, deben seleccionarse os materiais e as cores en atención ás características da paisaxe de acollida, de tal xeito que se procure a mellor integración cromática e textural posible.

Tenderase a solucións que impliquen un mantemento baixo, co gallo de asegurar unha boa imaxe durante o maior tempo posible, tales como as pezas prefabricadas de formigón ou outros materiais, susceptibles de facilitar a montaxe e de recibir tratamentos texturais e cromáticos personalizados diferentes da pintura (máis estables e duradeiros). No caso de utilizarse estes materiais prefabricados convén coidar os acabados para transmitir unha imaxe de calidade.

5. En calquera caso evitarase o emprego de materiais que degraden visualmente a paisaxe pola súa cor, brillo ou similar, así como o ladrillo ou bloque de formigón sen revestir.

Artigo 19. Materiais para as construcións



1. Os materiais de fachada permitidos serán a cachotería, os revestimentos de madeira e o recebado e pintado segundo as determinacións da Guía de Cores e Materiais para a comarca paisaxística Ribeira Sacra Miñota. O resto de acabamentos deberanse de adecuar ao indicado nos artigos anteriores.

2. Poderán tomarse como referencia as seguintes cores recomendadas para as construcións rurais "R01-Sinxeleza" (construcións tradicionais anteriores a 1960), para o tipo "R07 - Illada en solo rústico" (construcións a partir do 1960) e para o tipo "R02 - Eixos" (construcións singulares), que figuran na Guía de Cores e Materiais.

R01 - Sinxeleza

R07 - Illada en solo rústico

R02 - Eixos

Fondos e elementos compositivos




Fondos, elementos compositivos, carpintarías, cerrallarias e cubertas



Fondos e elementos compositivos




CUBERTA
FORMA




cuberta a 1 auga

obrigatoria dende PXOM 1985



cuberta a 2 augas
 so para construcións tradicionais
 resto de construcións



cuberta a 4 augas
 so para construcións tradicionais
 resto de construcións

Artigo 20. Cubertas das construcións

1. As cubertas das novas construcións serán a un auga. Tan só se permitirán cubertas de varias augas nas construcións tradicionais.

CUBERTA
MATERIAL



tella cerámica curva



onduline tipo tella




fibrocemento



lousa


2. O único material de cobertura permitido en construcións novas será a tella cerámica curva.

Artigo 21. Materiais para a construción de bancais



En relación ao material co que se realizan os socalcos ou no seu caso, o material que queda visible, só poderá verse como material de acabado a cachotería, realizada ca técnica de pedra en seco. Prohíbese explicitamente o perpiaño e o bloque de formigón.

Artigo 22. Materiais de pavimento



Os materiais para a realización de pavimentos deberán ser a terra compactada, o adoquín en caso de ser preciso un pavimento pétreo e a grava. O uso de formigóns deberá ir aparelado á utilización de areas pardas na súa elaboración e só estará permitido nunha anchura de ata 2,5m e sempre que a pendente do terreo así o esixa.

Artigo 23. Condicións das construcións en solo rústico dentro da Zona 3: áreas produtivas e equipamentos

1. Os ámbitos produtivos e de equipamentos delimitados na Zona 3 terán unha consideración singular e non estarán obrigados a cumprir coas limitacións de superficie, morfoloxía ou materiais establecidas anteriormente para as edificacións en solo rústico.

A tal efecto, quedan exceptuados de cumprir ca limitación dos 50m² de construción; tamén poderán exceder a altura sempre e cando estea xustificada por razóns derivadas da actividade e non se produza un menoscabo á paisaxe e poderán deseñar cubertas planas. En canto ós materiais de fachada e cuberta, recoméndanse o emprego dos descritos para o solo rústico, sen embargo permítense o emprego doutros sempre e cando estean debidamente xustificadas e non produzan distorsión ou reflexos sobre a paisaxe.

2. En todo caso, para aqueles parámetros non comentados expresamente neste apartado, aplicarase obrigatoriamente o disposto para as construcións en solo rústico.

Artigo 24. Condicións dos elementos accesorios ás construcións en solo rústico

1. En canto aos elementos accesorios ás edificacións, límitase o espazo exterior cuberto asociado a unha construción a 25m², medidos en planta e a maiores do espazo pechado. Este espazo deberá deixar dúas das súas paredes abertas.

No que respecta ós resíos ou ós espazos ao aire libre baixo parras ou pérgolas, disporanse no lado curto da edificación, preferiblemente na zona de entrada e en paralelo ós socalcos. Para os soportes recoméndase o emprego de materiais lixeiros e de madeira, aínda que se permiten tamén os elementos de cantería. Quedan prohibidos os postes de plástico ou metal sen acabado.

De ser necesaria a instalación dun solado (ou plataforma) no resío ou baixo a pérgola, este seguirá as determinacións para os pavimentos e non excederá nunca a superficie de 25 m².

No caso de empregar mobiliario exterior, maquinaria, depósitos, etc. estes terán un carácter provisorio e non incluírán elementos permanentes. Deberán de recollese a diario, quedando gardados no interior das construcións.

2. Poderá permitirse a instalación de sistemas locais para produción de enerxía ou calefacción mediante o emprego de fontes renovables, sempre en condicións de autoconsumo e fornecemento de actividades propias do ámbito e de pequena escala. Para elo deberán analizar e xustificar a integración na súa contorna.

A instalación será a mínima imprescindible para unha dotación eléctrica básica, e localizarase preferentemente nunha zona próxima ou inmediata ás edificacións existentes pero non sobre a cuberta. No caso de edificacións non tradicionais, ou cando non resulte viable ou conveniente outra localización, poderá instalarse sobre a cuberta, mantendo a pendente existente e cunha ocupación en superficie máxima do 10% do total da auga da cuberta.

3. Os invernadoiros ou espazos cubertos similares para a produción agrícola ou almacenamento de produtos gandeiros serán incompatibles coa estrutura de bancais. Polo tanto, non se permitirá a súa instalación nos socalcos ou en zonas con pendentes superiores ao 20%.

Os valados cinxéticos compatibles ca estrutura de bancais, serán temporais, de non máis de 1,5m de altura e realizados con malla de aceiro galvanizado con postes de madeira da menor sección posible.

Na zona de bancais, de ser necesario un elemento de peche ou delimitación entre predios, realizarase da forma tradicional, cun muro de pedra seca ou con pedras cravadas no solo, dunha altura entre 30cm e 70cm como máximo.

Quedan fora do cumprimento desta condición o ámbito de 100m arredor da liña que delimita o solo de núcleo rural.

4. Permitirase a utilización ou creación dunha rede de auga potable, que deberá cumprir coas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia (ITOHG) e ser sempre soterrada, agás casos excepcionais e debidamente xustificadas. Será responsabilidade das entidades locais a subministración de auga, a rede de sumidoiros e o tratamento das augas residuais, de acordo co artigo 27 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e segundo o artigo 25.2.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

5. As captacións particulares, no caso de existir, deberán cumprir coas ITOHG, ser igualmente soterradas e estar debidamente delimitadas para evitar riscos.

No ámbito, non se considera necesaria a creación dunha rede de saneamento pública que preste servizo ás parcelas en solo rústico. Prohíbese a instalación de fosas sépticas nos bancais.

6. Non se permite o vertido de residuos no ámbito (os restos de poda ou materia orgánica quedan exceptuados). Promoverase a instalación de contedores para a recollida de residuos en zonas expresamente destinadas a tal fin.

Permitirase a recollida de auga de choiva en depósitos dunha altura inferior a 80cm.

Artigo 25. Masas arboradas

1. Co fin de conservar e pór en valor as masas arboradas de carácter autóctono, queda prohibida a corta polo pé das especies autóctonas existentes no ámbito, agás nos casos extraordinarios debidamente xustificadas e previa autorización.

2. Permítese o aproveitamento leñoso dos restos de poda, o aproveitamento de pastos e o micolóxico.

Artigo 26. Rede Autonómica de Estradas de Galicia. Ordenación de sistemas

1.1. Clasificación das estradas autonómicas

As estradas autonómicas clasifícanse, en atención ás súas características técnicas, segundo se dispón no artigo 4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, ou no precepto correspondente da norma de rango legal que a veña a substituír.

En atención ás súas características funcionais, as estradas autonómicas clasifícanse segundo se dispón no artigo 32 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio, ou no precepto correspondente da norma que o veña a substituír.

1.2. Condicións da rede de estradas autonómicas.

1.2.1. Zona de dominio público

a) A zona de dominio público das estradas está integrada polos terreos ocupados por todos os elementos do dominio público viario adquiridos por título lexítimo pola administración autonómica, e defínese segundo o previsto no artigo 37, en relación co 2, da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, ou nos preceptos correspondentes da norma de rango legal que a veña a substituír.

b) A execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público das estradas autonómicas está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización, previamente ó outorgamento da licenza municipal, no seu caso.

c) A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público das estradas autonómicas correspóndelle á Axencia Galega de Infraestruturas ou ó órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

d) As limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos para a zona de dominio público serán efectivas tamén para os terreos afectados por actuacións previstas, logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción correspondentes.

1.2.2. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación

a) Para a protección do dominio público viario e a debida prestación do servizo público viario, ademais da zona de dominio público, establécense as zonas de protección da estrada denominadas de servidume e de afección, así como a liña límite de edificación.

Para o seu establecemento e delimitación estarase ao abeiro do previsto nos artigos 38 (zonas de protección da estrada e liña límite de edificación), 39 (delimitación da zona de servidume), 40 (delimitación da zona de afección) e 41 (delimitación da liña límite de edificación) da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, ou nos preceptos correspondentes da norma de rango legal que a veña a substituír.

b) A execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade nas zonas de protección das estradas autonómicas está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización, previamente ó outorgamento da licenza municipal, no seu caso.

c) A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade nas zonas de protección das estradas autonómicas correspóndelle á Axencia Galega de Infraestruturas, ou ó órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

d) As limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos para as zonas de protección e pola liña límite de edificación serán efectivas tamén para os terreos afectados por actuacións pre-vistas, logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción correspondentes.

1.2.3. Limitacións de uso derivadas do ruído

Para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ó outorgamento da licenza municipal a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento.

Artigo 27. Rede Autonómica de Estradas de Galicia. Ordenanzas reguladoras do solo rústico

2.1. Condicións de parcelación e segregación

Os parcelamentos e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas autonómicas están suxeitas ao deber de obter a correspondente autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

O outorgamento da antedita autorización será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal de parcelación ou segregación, no seu caso.

2.2. Condicións de posición

2.2.1. Posición da edificación

a) Entre as estradas de titularidade autonómica e a liña límite de edificación, segundo a establece a lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas, prohibese calquera tipo de construción de nova planta, por encima ou por debaixo da rasante do terreo.

Non se admitirán voos sobre as liñas límites de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

b) Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de todo tipo de edificacións e outras construcións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

2.2.2. Posición do peche

a) A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade autonómica rexerase pola lexislación e normativa sectorial aplicable en materia de estradas.

b) Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de peches nas zonas de servidume e afección das estradas de titularidade autonómica a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

2.3. Condicións de acceso

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.

Artigo 28. Protección arqueolóxica

Os predios afectados pola delimitación dos xacementos e o seu contorno de protección, atenderán ó réxime xurídico das intervencións nos bens de interese cultural e catalogados, ás normas técnicas de intervencións

no contorno de protección e na zona de amortecemento dispostos na *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*.

Especificamente, ao previsto para as autorizacións (artigo 39 da LPCG), ós criterios de intervención (artigo 44 da LPCG), ao réxime de intervencións no contorno de protección (artigo 45 da LPCG), ós criterios específicos de intervención no contorno de protección (artigo 46 da LPCG), ás clases de actividades arqueolóxicas (artigo 95 da LPCG) e á autorización para a realización de actividades arqueolóxicas (artigo 96 da LPCG).

R. 1289

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (SERVIZO DE TURISMO)

Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 15 de marzo de 2024, acordou a aprobación das bases reguladoras e da convocatoria do Programa *Coñece a túa provincia* (anualidade 2024). Co fin de dar cumprimento a dito acordo, publícase o texto íntegro das bases reguladoras e procédese á convocatoria do programa:

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA “COÑECE A TÚA PROVINCIA” (ANUALIDADE 2024)

A Deputación de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 36.1 apartado d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, sen prexuízo das competencias que neste ámbito correspondan ás demais Administracións Públicas. Igualmente, de acordo co establecido no artigo 6º apartado a) da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia, as entidades locais de ámbito supramunicipal asumirán competencias no eido da promoción dos recursos turísticos e xeodestinos, segundo a definición contemplada no artigo 23.1, que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a Administración autonómica.

No marco das competencias sinaladas, a Deputación de Lugo convoca unha nova edición do programa *Coñece a túa provincia* co fin de contribuír á desestacionalización da oferta turística da provincia de Lugo; apoiar e dar visibilidade tanto aos diferentes destinos da provincia como aos establecementos e profesionais que compoñen a cadea de valor do sector do turismo e da hostalería na provincia de Lugo e servir como instrumento de sensibilización das veciñas e veciños do territorio sobre o potencial turístico dos 67 municipios da provincia de Lugo e da importancia da preservación do patrimonio natural e cultural como elemento que contribúe ao desenvolvemento sostible no eido económico, social e medioambiental.

BASES

Primeira: obxecto

O obxecto destas bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de excursións dentro da provincia de Lugo no marco do programa *“Coñece a túa provincia”* (anualidade 2024).

Segunda: destinatarios e número de prazas ofertadas.

Poderán participar neste programa todas as entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas con sede na provincia de Lugo que non perderan o dereito a participar na pasada edición do 2023.

Na anualidade 2024 ofértanse un máximo de 1840 prazas.

Terceira: lugar e prazo de presentación das solicitudes

3.1 As solicitudes dirixiranse á Presidencia da Deputación de Lugo e presentaranse a través da sede electrónica da Deputación <https://sede.deputacionlugo.org/opencms/opencms/sede>, apartado *“Trámites Xerais”*, no espazo habilitado para o programa *“Coñece a túa provincia”*. As solicitudes (de acordo co modelo que figura no Anexo I destas bases), tamén poderán presentarse no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo onde se realizará a comprobación dos datos identificativos da persoa física ou xurídica a efectos do seu rexistro electrónico. Igualmente, as solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Se as solicitudes se presentaran na oficina de Correos, farase de acordo co artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o Regulamento de prestación de Servizos Postais.

3.2 O prazo de presentación de solicitudes será de 10 día hábilescontados a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As solicitudes presentadas fóra do prazo indicado serán desestimadas.

3.3 Cada entidade interesada poderá presentar como máximo unha solicitude nesta convocatoria. No caso de que presenten máis dunha solicitude, só se terá en conta a rexistrada en primeiro lugar.

3.4 No caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos nestas bases, o órgano instrutor requirirá á entidade interesada que emende as faltas ou presente a documentación complementaria que corresponda no prazo de 10 días hábiles, indicándolle que, de non facelo, se terá por desistida a petición, previa resolución que se ditará de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

Cuarta: documentación a presentar coa solicitude

As entidades interesadas que presenten solicitude de participación no programa por primeira vez deberán achegar á instancia unha copia do NIF. Quedan exentas deste requisito as entidades que teñan participado ou solicitado participación en pasadas edicións, agás as que sufriran algún cambio a este respecto (denominación, etc.).

Quinta: notificacións

5.1 As notificacións de resolución e doutros actos administrativos practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común cando as solicitudes se realizasen a través da sede electrónica da Deputación de Lugo. No caso de que as solicitudes se teñan presentado no Rexistro Xeral da Deputación, noutros rexistros ou nas oficinas de Correos, as notificacións practícaranse polo medio indicado na solicitude.

5.2 No caso de notificacións telemáticas, estas entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderase rexeitada cando transcorran 10 días naturais desde que a notificación se poña á disposición da entidade interesada sen que se acceda a esta no prazo indicado.

5.3 O sistema remitiralles ás entidades interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere válida.

Sexta: instrución e criterios de adjudicación das excursións.

6.1 A instrución do procedemento corresponderá á Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), sendo o órgano competente para a aprobación das listaxes de entidades admitidas e excluídas ou en agarda, así como as posibles renuncias posteriores –de ser o caso-, a Xunta de Goberno, que resolverá no prazo máximo de 2 meses.

6.2 A orde de prelación da listaxe de entidades admitidas establecerase conforme á orde de presentación das solicitudes no correspondente rexistro, segundo data e hora que figure na documentación, ata esgotar as prazas dispoñibles.

No caso de presentarse solicitudes nas que xunto coa data non figurase hora de entrega da documentación, estas entenderanse entregadas en último lugar na data correspondente. De haber máis dunha entidade en cuxa solicitude non figure a hora de entrega na mesma data, a orde de prelación entre estas establecerase por orde alfabética tomando como referencia a letra inicial do municipio onde teñan a súa sede (sen o correspondente artigo precedente, no seu caso). Este mesmo criterio rexerá nos casos nos que existan solicitudes coa mesma data e hora de entrega.

Para o recuento das prazas asignadas tomarase como referencia o número máximo de participantes que indique cada entidade na súa solicitude.

6.3 No caso de cubrirse as 1840 prazas en primeira convocatoria, elaborárase –de ser procedente-, unha listaxe de agarda coas restantes solicitudes por orde de presentación no correspondente rexistro. De ser posible dende o punto de vista organizativo, a Deputación poderá ter en conta estas solicitudes no caso de que algunha das entidades seleccionadas renunciase á súa participación no programa ou no caso de que chegasen a quedar prazas vacantes durante a execución do mesmo para formar grupo, tomando como referencia o número de prazas mínimo e máximo indicado nestas bases, así como o número de prazas solicitado polas entidades nas respectivas instancias.

6.4 No suposto de que as prazas non se cubran en primeira convocatoria, de ser posible dende o punto de vista organizativo, a Deputación de Lugo resérvase o dereito de abrir un novo prazo de inscrición ou para ampliar a convocatoria inicial co obxecto de que as entidades que resultasen beneficiarias dentro do primeiro prazo tamén poidan solicitar unha segunda excursión.

Séptima: Publicación das listaxes de solicitudes e contacto coas entidades admitidas

A listaxe provisional das entidades admitidas e excluídas, así como a listaxe de agarda, no seu caso, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de acordo co establecido no artigo 45 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, os interesados poderán presentar alegacións nun prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación no BOP.

De non presentarse alegacións á lista provisional, considerarase esta definitiva unha vez transcorrido o prazo sinalado anteriormente, sen necesidade de nova publicación.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola Xunta de Goberno a través dunha nova resolución coa listaxe completa de entidades admitidas, excluídas e en agarda, que deberá publicarse nos mesmos termos que a listaxe provisional.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva no BOP (no suposto de haber alegacións), ou dende o día seguinte ao transcurso dos 10 días hábiles trala publicación no BOP da listaxe provisional. Alternativamente, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o xulgado contencioso- administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña outro recurso que estimen oportuno.

Unha vez elevada a definitiva a listaxe de entidades solicitantes, o Servizo de Turismo contactará directamente coa persoa representante de cada entidade que figure como admitida na correspondente relación. O contacto inicial realizarase por teléfono coas diferentes entidades segundo a orde de admisión e co fin de asignar unha data e itinerario para a excursión. No caso de que a persoa representante dalgúna entidade admitida non responda á chamada realizada polo Servizo de Turismo nos diferentes teléfonos facilitados no formulario de solicitude, contactarase deseguido coa seguinte entidade que figure na lista.

Oitava: Condicións do programa

8.1 Servizos incluídos: a excursión concedida a cada entidade beneficiaria do programa “*Coñece a túa provincia*” incluírá o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, servizo de guía oficial de turismo e as entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo.

8.2 A participación no programa “*Coñece a túa provincia*” (anualidade 2024) terá carácter gratuíto para as entidades beneficiarias.

8.3 Número de participantes: En cada excursión poderán participar un máximo de 23 persoas e un mínimo de 15. De non acadarse o mínimo de 15 persoas para formar grupo, a excursión será anulada.

8.4 Calendario de execución: as excursións concedidas no marco da edición 2024 do programa “*Coñece a túa provincia*” terán lugar nos meses que determine o Servizo de Turismo da Deputación de Lugo e realizaranse en días laborables (entre os luns e os venres agás festivos). En todo caso, o Servizo de Turismo da Deputación de Lugo determinará os días concretos nos que finalmente realizaranse as excursións.

A asignación de datas e itinerarios será comunicada ás entidades, ademais de por teléfono, por correo electrónico ou postal, segundo proceda, con tempo suficiente para a súa organización.

8.5 Visitas: os itinerarios do programa “*Coñece a túa provincia*” son os especificados no catálogo dispoñible no Anexo III destas bases, na sede electrónica da Deputación de Lugo e no apartado informativo correspondente ao programa que consta na webturismo.deputacionlugo.gal. En todo caso, a excursión asignada a cada entidade beneficiaria iniciarase obrigatoriamente nun centro ou dependencia da Deputación de Lugo, seguida das visitas incluídas nunha das 44 rutas elaboradas para este programa.

As entidades interesadas indicarán opcionalmente nas súas solicitudes ata tres centros ou dependencias da Deputación de preferencia (sendo asignado un para a primeira visita da excursión) e ata un máximo de cinco rutas para realizar a excursión correspondente no marco do programa (ver Anexo III). Para obter información máis detallada sobre cada itinerario, as entidades interesadas poderán dirixirse ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo a través dalgún dos medios establecidos na base décimo primeira.

Dada a obrigatoriedade de visitar un centro da Deputación de Lugo ao inicio de cada itinerario e, tendo en conta a ubicación destes (no municipio de Lugo ou en Castro Ribeiras de Lea – no caso da Granxa Gayoso Castro-), os itinerarios asignaranse a cada entidade tomando como referencia o seu lugar de procedencia e o destino da excursión. Deste xeito, cando sexa posible por razóns organizativas, procurarase que os centros da Deputación queden en ruta entre o punto de orixe do grupo e o destino determinado polo itinerario escollido.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de poder modificar, engadir ou eliminar algúns dos lugares de visita incluídos nas rutas establecidas no Anexo III durante a execución do programa. Estes cambios serán en todo caso comunicados á persoa representante da entidade beneficiaria á que afectase o cambio realizado.

Respecto das visitas a centros e dependencias da Deputación e ás rutas sinaladas polas entidades como preferentes nas súas solicitudes, terán carácter orientativo e non serán vinculantes para a Deputación de Lugo. A tal efecto, o Servizo de Turismo resérvase o dereito de conceder outros itinerarios alternativos ás entidades participantes, dentro dos que figuran no Anexo III destas bases, aínda que non fosen expresamente sinalados como preferentes nas solicitudes.

Igualmente, tendo en conta o anteriormente sinalado, e co fin de procurar a maior representatividade de todo o territorio provincial no programa, cada itinerario poderase asignar como máximo en sete ocasións durante esta anualidade. Quedan excluídas deste cómputo as excursións concedidas a colectivos integrados por

persoas con discapacidade, asociacións de nais e pais de alumnos e aquelas outras entidades integradas maioritariamente por persoas menores de idade.

8.6 Xantar: o menú de xantar incluírá un primeiro prato (a escoller entre dúas opcións), un segundo prato (a escoller entre dúas opcións), sobremesa (a escoller entre dúas opcións, sendo unha delas froita), pan, as bebidas indicadas en cada excursión e café ou infusión. Os participantes terán acceso á información sobre as opcións de menú e sobre o restaurante no que terá lugar o servizo de xantar o día da excursión. No caso de que algún dos participantes requira algunha adaptación do menú, informarase desta circunstancia ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo como máximo 72 horas antes da excursión.

8.7 Paradas de autobús para a recollida dos participantes: poderanse establecer ata un máximo de tres puntos de recollida para cada grupo. Ditas paradas determinaranse definitivamente a semana anterior á excursión, podendo admitirse algún cambio excepcional ata o día laborable anterior á mesma ás 12:00 horas. As paradas deberán estar situadas en zonas amplas e de fácil acceso e manobra para o transporte.

As paradas poderanse situar dentro dun mesmo municipio, en municipios xeográficamente limítrofes entre si, ou ben en municipios non limítrofes coa condición de que tomando como referencia a parada máis afastada do primeiro lugar de visita da xornada, as restantes queden dentro do percorrido directo a realizar polo transporte ata a chegada ao centro ou dependencia da Deputación de Lugo que abrirá o programa de cada excursión, que tamén poderá establecerse como punto de partida para entidades ou membros destas que así o desexen (computándose dentro do máximo de tres paradas indicado).

No caso de que os puntos de recollida non se atopen situados en municipios limítrofes, o Servizo de Turismo valorará previamente o percorrido a realizar polo transporte, reservándose o dereito de non autorizar esta modalidade de paradas en función do desvío que impliquen con relación á ruta principal.

As horas definitivas de recollida dos participantes en orixe serán confirmadas polo Servizo de Turismo da Deputación de Lugo á persoa representante da entidade beneficiaria como máximo a semana anterior á realización da excursión.

8.8 Persoas con discapacidade: os colectivos integrados por persoas con discapacidade informarán na solicitude sobre as posibles necesidades especiais das persoas participantes que deba coñecer a Deputación de Lugo para unha óptima organización da excursión.

No caso de que as persoas integrantes dalgunha entidade interesada no programa presenten condicións de mobilidade reducida e empreguen cadeiras de rodas, deberán facer constar esta circunstancia na solicitude de participación, co fin de poder adaptar os diferentes servizos e visitas, creando itinerarios específicos accesibles cando sexa necesario.

Con carácter xeral, o número máximo de persoas usuarias de cadeiras de rodas que poderán participar nunha mesma excursión empregando prazas adaptadas a persoas con mobilidade reducida no transporte será de dúas. Excepcionalmente, no caso de que máis persoas do grupo puideran ser usuarias de cadeiras de rodas, o Servizo de Turismo valorará a adecuación dos medios dispoñibles no marco do programa para poder prestar o servizo.

En todo caso, as persoas con discapacidade deberán ir acompañadas por persoal de asistencia cando o precisen. Este persoal encargarase de realizar unha labor de apoio permanente en todo o que estas persoas puideran precisar, incluíndo- cando proceda-, o levantamento e transferencia das persoas participantes entre a cadeira de rodas e a butaca do autobús, apoio na anclaxe de cadeiras de rodas nas prazas adaptadas, etc. Este persoal de apoio ocupará praza e deberá exercer en todo momento durante a xornada da excursión a súa labor. Dende a Deputación de Lugo non se proporcionará ás entidades participantes persoal de asistencia.

8.9 Menores de idade: no caso de participar menores de idade nalgunha das excursións, estes deberán ir acompañados en todo momento por adultos, que serán os responsables da súa vixilancia e seguridade. Requirirase como mínimo un adulto por cada dez menores ou fracción. A persoa representante ou interlocutora de cada entidade participante será responsable de obter as oportunas autorizacións dos pais, nais ou representantes legais das persoas menores de idade para a súa participación na excursión, entregándoas ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo a semana anterior á actividade.

8.10 Realización e difusión de fotografías e vídeos: durante o desenvolvemento das excursións, o persoal de acompañamento (guías) tomará fotografías ou realizará gravacións. A Deputación de Lugo resérvase o dereito de difundir por calquera medio estas imaxes. No caso de que formen parte do grupo menores de idade, a persoa representante de cada entidade participante será responsable de obter as oportunas autorizacións dos pais/nais ou representantes legais das persoas menores de idade, entregándoas ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo a semana anterior á excursión.

8.11 Penalizacións: no caso de que as entidades beneficiarias cancelen a excursión o mesmo día da súa realización sen causa xustificada de forza maior, ou no caso de que nesa mesma data prodúzase un número de baixas superior a un terzo do número de participantes confirmado a semana anterior á realización da actividade (sempre co límite de 15 persoas para poder realizar a excursión) e tamén sen causa xustificada de forza maior, perderán o dereito a participar na seguinte edición do programa “*Coñece a túa provincia*”. A tal

efecto, as causas de forza maior xustificadas, no seu caso, para cancelar a excursión sen a perda de dereito referida, deberán ter unha afectación manifesta e directa no conxunto do grupo e non só en determinados integrantes de maneira individual.

Novena: Obrigas das entidades e persoas participantes

9.1 Cada entidade beneficiaria designará unha persoa representante que se encargará das comunicacións co Servizo de Turismo da Deputación de Lugo. Esta persoa terá corresponsabilidade na organización da excursión e deberá aportar ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo toda a información relativa ás características e necesidades especiais do grupo, de ser o caso, para un óptimo deseño e desenvolvemento do programa de cada excursión.

9.2 As entidades beneficiarias encargaranse de conformar os grupos de participantes nas excursións correspondentes na forma en que mellor conveña para a súa organización. Neste sentido, será potestativo que todas as persoas que asistan á excursión sexan membros asociados á entidade beneficiaria se así o determinan os seus representantes, toda vez que se cumpran as restantes condicións sinaladas nestas bases.

Igualmente, cada entidade beneficiaria responsabilizarase de informar ás persoas participantes das características do itinerario asignado no que se refire ás visitas comprendidas no mesmo, grado de dificultade e recomendacións prácticas para a súa realización, información que previamente será facilitada dende o Servizo de Turismo da Deputación de Lugo.

En todo caso, unha semana antes da excursión, a persoa que actúe en representación da entidade beneficiaria no marco do programa proporcionará ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo a través do enderezo de correo electrónico atuaprovincia@deputacionlugo.org ou por calquera outro medio no que quede constancia escrita, o dato relativo ao número de persoas que participarán na excursión correspondente (que non poderá superar o máximo sinalado na solicitude nin ser inferior a 15), os seus nomes, apelidos e nº de DNI, así como información detallada sobre posibles necesidades especiais das persoas participantes. A Deputación de Lugo non se fai responsable de eventuais erros na organización que se deriven dunha falta de información precisa e detallada sobre este extremo. Con posterioridade ao envío da lista de participantes, admitiranse cambios puntuais na mesma ata o día hábil anterior á excursión ás 13:00 horas.

9.3 A persoa que asista á excursión en calidade de responsable de grupo asinará unha declaración responsable de participación na que constará o seu nome e nº de DNI, denominación da entidade e o número de persoas que participaron no programa na data correspondente. O documento será proporcionado pola persoa que exerza como guía.

9.4 Dado o carácter gratuíto no programa *“Coñece a túa provincia”* (anualidade 2024), as entidades beneficiarias non poderán cobrar un prezo ás persoas participantes pola asistencia ás excursións.

9.5 O gasto ou consumo realizado a maiores dos servizos incluídos nas excursións do programa correrá por conta das persoas participantes.

9.6 A solicitude de participación no programa *“Coñece a túa provincia”* implica a aceptación directa destas bases e da participación no programa, no caso de resultar beneficiario.

9.7 Renuncia: no caso de que a entidade beneficiaria decida renunciar ao programa ou non reúna a cantidade mínima de participantes esixida, deberá presentar por rexistro cuberto e asinado o modelo de renuncia que figura no Anexo II destas bases reguladoras no prazo máximo de sete días hábiles antes da data excursión. No caso de que a renuncia prodúzase nun prazo inferior ao indicado, a entidade perderá o dereito de participar na seguinte edición do programa, agás que a renuncia sexa debida a causas de forza maior xustificadas nos termos da base 8.11.

9.8 As persoas representantes das entidades interesadas neste programa serán responsables da veracidade dos datos que figuran na solicitude de participación.

Décima: Orzamento do programa

A contía consignada para a anualidade 2024 do Programa *Coñece a túa provincia* ascende a un total de 164.951,40 euros con cargo á aplicación orzamentaria 4320.22799.

A contía do programa será financiada integramente pola Deputación de Lugo.

Décimo primeira: Consultas e comunicación

As entidades interesadas no programa poderán formular as súas consultas ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo a través do enderezo de correo electrónico atuaprovincia@deputacionlugo.org ou nos teléfonos 982260234/982260011, de luns a venres laborables de 9:00 a 14:30 horas. Igualmente, calquera incidencia que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa durante a súa execución deberá comunicarse ao Servizo de Turismo no enderezo de correo electrónico indicado por parte das entidades beneficiarias.

Décimo segunda: Protección de datos

Os datos de carácter persoal que consten nas solicitudes e nas relacións de participantes aportadas polas entidades beneficiarias serán tratados pola Deputación de Lugo e incorporados á actividade de tratamento "Xestión do programa Coñece a túa provincia", cuxa finalidade é a tramitación das solicitudes e comunicacións relativas a dito programa. A lexitimación desta finalidade está baseada no cumprimento dunha misión realizada no interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Non está prevista a cesión de datos a terceiros.

Os datos persoais proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se obtiveron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

Para solicitar o acceso, a rectificación, supresión ou limitación do tratamento de datos persoais ou para oporse ao tratamento, no caso de que se den os requisitos establecidos no Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, pode dirixir un escrito ao responsable do tratamento, neste caso, a Deputación de Lugo, Rúa San Marcos, 8 - 27001 Lugo ou na sede electrónica da Deputación de Lugo (<https://sede.deputacionlugo.org>).

Datos de contacto do DPD: dpd@deputacionlugo.org

A información adicional relativa á protección de datos pode consultarse na seguinte ligazón:

http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/conhece_a_tua_provincia

Décimo terceira: Outra normativa de aplicación:

O programa *Coñece a túa provincia* rexerese, no non regulado expresamente nestas bases, pola seguinte normativa:

- Pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.
- Pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.
- Pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

ANEXO I: FORMULARIO DE SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE:

NOME:	NIF:
ENDEREZO/LOCALIDADE:	C.P.:
MUNICIPIO:	TELÉFONO*:
E-MAIL*:	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS:	D.N.I.:
CARGO NA ENTIDADE:	
E-MAIL:	TELÉFONO:

DATOS DA PERSOA INTERLOCUTORA ANTE A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA A ORGANIZACIÓN DA EXCURSIÓN (cubrir só no caso de que sexa unha persoa distinta á representante anteriormente indicada)

NOME E APELIDOS:	D.N.I.:
CARGO NA ENTIDADE:	
E-MAIL:	TELÉFONO:

Medio de notificacións:

- Correo ordinario
- Telemático

Solicita:

A concesión dunha excursión no marco do programa “COÑECE A TÚA PROVINCIA” (anualidade 2024), para un máximo de _____ persoas. (O número mínimo de participantes será de 15 e o máximo de 23, de acordo coa base 8.3).

Os itinerarios de preferencia para a participación no programa “COÑECE A TÚA PROVINCIA” na excursión solicitada son:

1ª VISITA OBRIGATORIA A CENTRO OU DEPENDENCIA DA DEPUTACIÓN DE LUGO: (sinale optativamente ata 3 opcións de acordo coa base 8.5).

- Pazo de San Marcos.
- Produtora de audiovisuais.
- Mazo de Santa Comba.
- Centro de Interpretación Terras do Miño.
- Granxa Gayoso Castro.

ITINERARIO (Indique ata un máximo de 5 opcións. Sinale o nº de ruta de acordo coa relación publicada no Anexo III das bases reguladoras do programa).

Asistirán menores de idade:

SI NON

OBSERVACIÓNS -indicar no caso de que asistan persoas con discapacidade, intolerancias alimentarias e/ou persoas con mobilidade reducida usuarias de cadeiras de rodas (ata un máximo de dúas, sen prexuízo do establecido na base 8.8), para a súa valoración por parte do Servizo de Turismo da Deputación de Lugo. Igualmente, deberá facerse constar calquera outra circunstancia que se considere relevante para unha óptima organización da excursión:-

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que os datos que figuran nesta solicitude son certos.
- Que coñezo as bases da convocatoria, en especial as condicións do programa (base oitava) e as obrigas que nelas se inclúen para entidades e persoas participantes (base novena).

PROTECCIÓN DE DATOS:

Responsable do tratamento	Deputación de Lugo. Servizo de Turismo
Finalidade	Tramitación das solicitudes e comunicacións relativas ao programa "COÑECE A TÚA PROVINCIA"
Lexitimación	Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada no interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento
Destinatarios	Non previstos
Exercicio de dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento.
Procedencia	O propio interesado ou o seu representante legal

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte:

http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/conhece_a_tua_provincia

(Sinatura)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO II

FORMULARIO DE RENUNCIA

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE

NOME E APELIDOS:		D.N.I.:
DENOMINACIÓN DA ENTIDADE:		
N.I.F.:	CARGO NA ENTIDADE:	
E-MAIL:		TELÉFONO:

Renuncio:

Á excursión concedida dentro do programa "Coñece a túa provincia" para o día ___ do mes de _____ de 2024.

Motivo da renuncia: _____

En _____, a _____ de _____ de 2024

(Sinatura)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO III: CATÁLOGO DE RUTAS**1º.- UNHA VISITA INICIAL AOS SERVIZOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN A ESCOLLER ENTRE:**

- Pazo de San Marcos.
- Produtora de audiovisuais.
- Granxa Gayoso Castro.
- Mazo de Santa Comba.
- Centro de Interpretación Terras do Miño.

2º.- UNHA RUTA A ESCOLLER ENTRE:

RUTA 1: O VICEDO: visita ás pontes do río Sor e ruta polas principais praias do Vicedo. Visita ao porto do Vicedo e ao miradoiro de San Román.

Opcional: visita ao Fuciño do Porco (en substitución dalgunhas das visitas anteriormente indicadas e segundo preferencia das entidades beneficiarias). Nota: a visita ao Fuciño do Porco non está recomendada para persoas con dificultade para camiñar.

RUTA 2: XOVE: visita aofarodePuntaRoncadoira, porto de Morás, contorna do Cabo de Morás, parque de fabricación de dolos e Portocelo. Visita á área arqueolóxica de San Tirso. Visita ás praias de Lago e Esteiro.

RUTA 3: VIVEIRO: visita ao miradoiro de San Roque, ao casco antigo de Viveiro e ao obradoiro de Cerámica Regal ou ao Monumento Natural do Souto da Retorta.

RUTA 4: CERVO: visita á fábrica de Sargadelos e San Cibrao:carpinteríaderibeira, praia do Torno eMuseodoMar.

RUTA 5: BURELA: visita á lonxa de Burela e ao barco-museo boniteiro Reina del Carmen. Visita á asociación de mariñeiros xubilados “A Moncloa” e ás redeiras de Burela.

RUTA 6: FOZ: visita á vila de Foz. Panorámica do litoral polo paseo marítimo ata as praias de Llás e Peizás. Visita á la basílica deSan Martiño de Mondoñedo, ao centro de interpretación de San Martiño e ao espazo Caritel.

RUTA 7: BARREIROS E RIBADEO: percorrido a pé por un tramo do paseo marítimo de Barreiros e visita á praia dasCatedrais e Rinlo. Visita ao casco histórico de Ribadeo.

RUTA 8: LOURENZÁ: visita á igrexa parroquial do Mosteiro de Lourenzá, centro de interpretación da faba, fortaleza de Tovar e Cooperativa Terras da Mariña.

RUTA 9: MONDOÑEDO: visita ao casco antigo de Mondoñedo e ao cemiterio vello. Visita ao centro de interpretación do Camiño Norte e a un museo municipal (museo da imprenta ou casa- museo de Álvaro Cunqueiro). Visita ao Barrio dos Muíños, á “ponte do Pasatempo” e a un obradoiro artesanía no Barrio dos Muíños.

RUTA 10: O VALADOURO E ALFOZ: visita ao Museo do Mel do Valadouro. Visita aocastelodeCastrodouroe áFincaGalea(Alfoz). Opcional: visita ao Pozo da Onza ou á igrexa de Santa Cruz do Valadouro.

RUTA11: RIORTORTO E TRABADA:visita a un ferreiro ou ao Mazo da Fraga en Ferreiravella. Visita ao museo etnográfico José Rocha en Trabada. Visita a un obradoiro de artesanía en Trabada.

RUTA 12: A PONTENOVA E TRABADA:visita aos fornos da Pontenova, área recreativa de Boulloso, miradoiro da Panda, aula da pesca e miradoiro ornitolóxico de Ría de Abres en Trabada.

RUTA13: MONFORTE:visitaaMuseo do Ferrocarril ou ao Pazo de Tor,visitaaconxunto monumental de San Vicente do Pino. VisitaaCentrodoViñodaRibeiraSacra. Explicación do Colexio de Nosa Señora da Antiga.

RUTA 14: SOBER: visita á rectoral de Gundivós (demostración de olaría tradicional), visita a un miradoiro sobre o Canón do Sil. Visita a unha adega da subzona de Amandi.

RUTA 15: SOBER E MONFORTE: visita a un miradoiro sobre oCanón do Sil e a unha igrexa románica. Percorrido en catamarán polo Canón do Sil.

RUTA 16: O SAVIÑAO: visita ao Ecomuseo de Arxeriz, ao miradoiro do Cabo do Mundo II e percorridoencatamarán polo MiñodendeBelesarpobo. No caso de non estar dispoñibleocatamarán, visitarase unha igrexa románica e unha adega.

RUTA 17: TABOADA- CHANTADA: visita ás igrexas de San Pedro de Bemibre e Taboada dos Freires (Taboada), visita ao casco histórico de Chantada e á igrexa de San Salvador de Asma. Visita a unha adega da subzona de Chantada.

RUTA 18: CHANTADA- O SAVIÑO: visita á igrexa de Santa María de Nogueira de Miño. Visita ao casco histórico de Chantada. Visita á igrexa de San Estevo de Ribas de Miño e a unha adega da subzona de Chantada.

RUTA 19: PANTÓN E CARBALLEDO: visita ao convento do Divino Salvador de Ferreira de Pantón e á igrexa de San Miguel de Eiré. Visita ao pobo dos Peares. Explicación do encoro dos Peares. Visita a unha adega.

RUTA 20: PORTOMARÍN E PARADELA: visita a Portomarín e aos seus monumentos. Visita ao castro de Castromaior. Visita á igrexa de San Facundo de Ribas de Miño ou á igrexa de Santa María de Ferreiros no Camiño Francés.

RUTA 21: BÓVEDA- A PROBRA DE BROLLÓN: visita á aula forestal Os Trollos en Bóveda. Visita ao conxunto de adegas centenarias en Vilachá de Salvador, visita a unha adega en Vilachá e ao castro de SanLourenzo.

RUTA22: RIBAS DE SIL E QUIROGA: visita á abadía de San Clodio e ao centro de interpretación da minería aurífera en Ribas de Sil. Visita ao túnel e igrexa de Montefurado. Visita a unha adega.

RUTA23: QUIROGA: visita ao Museo Xeolóxico ou ao Museo Etnográfico. Visita a unha empresa produtora de viño e aceite de Quiroga. Visita a un obradoiro de artesanía.

RUTA 24: O COUREL: visita á Fundación Uxío Novoneyra e á aldea de Seceda (Folgozo do Courel). Visita ao castro da Torre ou á igrexa de San Pedro Fiz de Hospital do Incio.

RUTA 25: PIORNEDO E NAVIA DE SUARNA. visita á aldea de Piornedo (con entrada á palloza- museo Casa do Sesto).Visitaá vila deNaviadeSuarna e a unha fábrica de embutidos.

RUTA 26: BECERREÁ E AS NOGAIS: visita á igrexa do Convento de Penamaior. Percorrido polo bosque dos Grobos. Explicación da ponte de Cruzul. Visita ao miradoiro panorámico da Torre de Doncos. Visita á igrexa de Santo André das Nogais.

RUTA 27: O INCIO: visita ao encoro de Vilasouto, á igrexa de San Pedro Fiz deHospital, ao santuario de San Eufrasio, á aldea de Ferrería, fonte mineiromedicinal e monumento ao mamut.

RUTA 28: BALEIRA E RIBEIRA DE PIQUÍN: visita ás áreas recreativas de Fonte e A Cortevella (Baleira), visita ao miradoiro de San Xurxo e á Fundación TerrEo na Ribeira de Piquín.

RUTA 29: A FONSAGRADA: visita ao Museo Comarcal da Fonsagrada e a unha fábrica de embutidos. Visita á seimeira de Vilagocende.

RUTA 30: NEGUEIRA DE MUÑIZ: visita a unha adega e ao museo do mel.

RUTA 31: PEDRAFITA DO CEBREIRO E TRIACASTELA/CERVANTES: visita á aldea do Cebreiro. Visita a unha queixería en Pedrafita. Visita á localidade de Triacastela. Opcionalmente, poderá visitarse o castelo de Doiras en substitución dalgunhas visitas anteriormente indicadas.

RUTA32: SAMOS E SARRIA:visitaaoMosteirodeSamos. Visita aocascohístoricodeSarria, Rúa do Porvir e museo do pan.

RUTA 33: LUGO: visita á muralla romana, catedral e casco histórico de Lugo, parque de Rosalía de Castro, Museo Provincial. Visita á Domus do Mitreo ou á casa dos Mosaicos.

RUTA 34: MEIRA, CASTRO DE REI E POL: visita ao castro e museo de Viladonga (Castro de Rei), Pedregal de Irimia eigrexadeSantaMaría(Meira), visita á área recreativa do Azúmara ou á igrexa de Cirio (Pol).

RUTA 35: COSPEITO E VILALBA: visita á lagoa de Cospeito e casco histórico de Vilalba. Visita ao Paseo dos soños. Visita á charca do Alligal.

RUTA 36: GUITIRIZ E FRIOL: visita á fonte de San Xoan de Lagostelle e finca do Balneario. Visita á fonte mineiromedicinal de Pardiñas. Visita a un obradoiro de cantería en Parga. Visita ao Museo de San Paio de Narla.

RUTA 37: BEGONTE, OUTEIRO DE REI E RÁBADE: visita ao arboretum de Galicia en Begonte ou á igrexa de Santiago de Baamonde, ponte vella de Rábade, casa das insuas e área recreativa de Penas de Rodas. Opcional: visita ao Museo de la olaría de Bonxe e demostración en vivo ou visita á Casa Museo de Manuel María

RUTA 38: ABADÍN, A PASTORIZA E CASTRO DE REI: visita á lagoa de Caque, breve tramo do Camiño de Santiago ata a igrexa de Santa María de Abadín, visita ao CIN de Bretoña e á lagoa de Fonmiñá na Pastoriza.

RUTA 39: XERMADE: visita ao parque eólico experimental de Sotavento, visita á aldea artesá da Fraga, ao “Cristo enxoiro” e á escola habanera.

RUTA 40: MURAS E OUROL: visita guiada pola ruta da arquitectura indiana de Oourol e cemiterio de Xerdiz, visita á ferverza do río Xestosa. Parada en Muras, con visita á igrexa de San Pedro e área recreativa da Veiga.

RUTA 41: LÁNCARA, O PÁRAMO E O CORGO: visita ao Museo Vivo e Integrado do Campo e da locomoción agraria de Trasliste (Láncara) –MUVICLA-; visita ao conxunto de San Salvador de Castrillón e vista exterior do Pazo de Adai no Corgo. Visita á igrexa de Friolfe e campo da feira de Vilarmosteiro.

RUTA 42: BARALLA E CASTROVERDE: visita á igrexa de Berselos (Baralla), visita ao convento de Vilabade e torre-fortaleza(Castroverde).BreveincursiónpoloCamiñoPrimitivo ata a capela deSoutomerille(Castroverde).

RUTA 43: GUNTÍN E PALAS DE REI: visita á igrexa do mosteiro de Ferreira de Pallares (Guntín). Visita ao Castelo de Pambre e á igrexa de Vilar de Donas (Palas de Rei).

RUTA 44: MONTERROSO E ANTAS DE ULLA: visita á área recreativa da Peneda ou ao Centro de Interpretación das Feiras. Visita á aldea de Santa Mariña, á igrexa de Amoexa e á fortaleza de Amarante.

Lugo, 15 de marzo de 2024. O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1299

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2024/CON_02/000039.- PARADELA.- REHABILITACIÓN DE FIRME REGOS CON GRAVILLA LU-P-5709 “SANTA MARÍA (LU-633) – VILAMAIOR – CASTRO DE REI DE LEMOS (LU-P-4201)”, P.K. 10+760 A 13+875

2024/CON_02/000040.- BARALLA – LÁNCARA.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DO FIRME MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA LU-P-0503 “BARALLA (N-VI) – POL – VILAESTEVA (LU-636)” P.K. 0+350 A 10+500

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo 3 de maio de 2024.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1290

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Vistas as bases reguladoras do proceso selectivo polo sistema de concurso-oposición, para o nomeamento de persoal funcionario de carreira: unha praza de arquitecto/a técnico/a do Concello de Alfoz, e posterior formación de listaxe de agarda (BOP nº 48 de 27/02/2024), por medio da presente publícase a aprobación provisional da relación de aspirantes admitidos e excluídos acordada pola Alcaldía en data 02 de maio de 2024:

RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS

APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIONS
CASAL VILLARES	EMILIO	***9328**	
COLDEIRA FERNANDEZ	OSCAR	***9698**	(*) Non aporta CELGA 4
FERNANDEZ GARCIA	CARLOS	***3633**	(*) Non aporta CELGA 4
ABELLEIRA SANCHEZ	PATRICIA	***4688**	
HERMIDA VARELA	DIEGO	***3763**	
GONZALEZ GONZALEZ	PABLO JOSE	***8064**	

(*) Base 2: con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base sexta.

EXCLUÍDOS:

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA EXCLUSION
FERNANDEZ ARNAU	JUAN ANTONIO	***9202**	Base 4.2: Non se aporta fotocopia de DNI ou pasaporte

De conformidade coas bases, se otorga aos aspirantes excluídos un prazo de dez días hábiles, a partir do seguinte ó da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión.

No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa coa publicación da lista definitiva no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal.

Alfoz, 2 de maio de 2024.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 1277

BEGONTE

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 5 de abril de 2024, o expediente de modificación de créditos núm. 4 /2024 (1º de competencia do pleno), dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de douscentos trinta e tres mil catrocentos sesenta (233.460,00) euros, e transcurrido o prazo dos quince (15) días hábiles, contados a partir da inserción do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, sen que se tivesen presentado reclamacións, o mesmo entenderase elevado a definitivo, quedando o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido orzamento, da seguinte forma:

Cap. 1.- Remuneracións de persoal.	712.497,76 €.
Cap. 2.- Compra de bens correntes e de servizos.	1.973.125,95 “
Cap. 3.- Gastos financeiros.	4.700,00 “
Cap. 4.- Transferencias correntes.	203.650,00 “
Cap. 5.- Fondo de Continxencia.	0,00 “
Cap. 6.- Inversións reais.	2.690.412,17 “
Cap. 7.- Transferencias de capital.	0,00 “
Cap. 8.- Variación de activos financeiros.	0,00 “
Cap. 9.- Variación de pasivos financeiros.	0,00 “
SUMA TOTAL	5.584.385,88 €

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Begonte, 3 de maio de 2024.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1291

CERVANTES

Anuncio

CONVOCATORIA DA BOLSA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR. POSTO DE TRABALLO: AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Cervantes ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a

instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Cervantes, será necesario adiantala por correo electrónico (concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Cervantes.

Cervantes, 2 de Maio de 2024.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 1278

FOZ

Anuncio

O Pleno do Concello de Foz, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de abril de 2024, acordou a aprobación definitiva, con resolución expresa das reclamacións presentadas, da Ordenanza Fiscal Nº 1 da taxa de ocupación de terreos de uso público local do Concello de Foz, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

